

LETRAS GALEGAS 2010

Novoneyra e os outros

Desde os ritos da reciprocidade

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

Sobre Uxío Novoneyra fíxase estes días o ollo crítico. Trátase de celebrarmos tan só un gran poeta do noso tempo? Á vista do que vai sendo publicado a propósito do Día das Letras, podemos ver que, alén do poeta, a posteridade está a percibir o home singular cuxo paso polos vieiros da liberdade non deixou indiferentes a todos aqueles que o viron e que o ouviron.

Resúltame moi difícil falar de Novoneyra. Coincidimos, el e mais eu, en intres decisivos das nosas respectivas tramas circunstanciais. Entendémonos ben, e non lembro que tivéssemos discrepancias verbo de nada importante. Son varios os libros e estudos que se achegan a figura humana de Novoneyra, na que todos recoñecen un creador excelso. Hai biografías súas, daquela, e vexo como eu, oito anos máis novo ca o de Parada, aparezo eiquí e acolá, como a herba de Pimentel. Polo tanto, e ao meu xeito, pódese decer que fun testemuña do xeito de Novoneyra se producir desde 1955 deica a hora da súa morte. Testemuña privilexiada nalgúns relanzos do camiño en común. Vin, pois, como modulaba o curso do seu poema e como o reducía a mínimos expresivos. Ou como o explotaba e como o convertía en bomba de fragmentación. Asistín aos seus estados envidos e sombrizos, de vivencia fonda e dolorosa en profundidades abisais. E logo encontréime co poema, ou coa larva do poema, ou co poema resolto para sempre, aínda que ás veces recomposto desde a raíz, que resultara desde aquel seu descenso aos infernos. Tamén vin entusiástico a Novoneyra, transpirando por cada poro esperanza e amor, naturalmente co resultado necesario en forma de texto. Hoxe, ao noso arredor, a máquina de fabricar mundo para nós acaba de sacar da penumbra da memoria imperfecta as pequenas, intensas, conmovedoras pezas oratorias de Novoneyra. Iris e Luís Cochón: grazas a eles salváronse os discursos do Novoneyra que, a partir da súa primeira presidencia da AELG, comparece perante os auditorios, xa non para decer como vate os seus poemas, senón para atravesarlle o corazón ao oso da adversidade histórica coa pica courelá do pensamento e da palabra inzada cos efectos de verdade. Relembro o Novoneyra irmao dos restantes escritores galegos na ALEG, así. E como fixo un mundo de ben naquelas súas dúas xeiras á cabeza da institución. Tamén me vén ás máis secretas cavernas da emoción o Novoneyra que inscristara Daniel Pino nuns versos, en ocasión da tortura e prisión deste. Ou como os corpos sen vida de Amador e o outro Daniel se fan eminentes no seu corpo textual. Era tan xeneroso Novoneyra, amaba tantos os seus e mais a poesía, que pisaba as rúas de Madrid, ou as das cidades de Galicia, noumeando versos de María Mariño, de Carlos Oroza, de Martínez de Andrade cando ninguén sabía nada destes autores. Arrastrounos a nós onde eles, obrigounos a nós a lles abrimos as portas máis fechadas. E posto tamén a abrir agora eu a billa da saudade e a deixar correr augas do recoñecemento, non reiterarei que Novoneyra é grande no dominio da palabra; apenas apunto que foi un home ao que lle medraba o corazón nos grandes ritos da reciprocidade.

